

CARBALLO

O arousán Ramón Neto gana o oitavo certame de poesía erótica Illas Sisargas de Malpica

O xurado elixiu de entre quince obras «Dominio público», por ser un poemario moderno, variado, fresco e enxeñoso

PATRICIA BLANCO

11 de novembro de 2013 18:35

6 votos



Ramón Neto, Francisco Quiroga, María Pilar Doldán e Mercedes Leobalde, o sábado pola noite.
J. M. CASAL

SABER MÁIS...

Malpica

Mención para unha obra en portugués

Na noite do sábado, unhas 25 persoas achegáronse ata Casa Vasca, en Barizo, para participar na chamada Cea das Letras, programada pola asociación cultural Caldeirón e o Concello malpicán. Alí, ademais de presentarse a obra que gañou o ano pasado o certame de poesía erótica Illas Sisargas - Chamádeme Eva, de Mercedes Leobalde-, deuse a coñecer tamén o vencedor da que xa é a oitava edición.

Sendo presidente do xurado Francisco Quiroga, presidente de Caldeirón; primeira vogal Mercedes Leobalde; e secretario Antón Lois Noceda, animador sociocultural do Concello malpicán, a obra elixida foi Dominio público, de Ramón Neto (A Illa de Arousa, 1975). Destaca Quiroga que este ano subiron un pouco o nivel de participación, porque se presentaron quince traballos. «Somos conscientes de que non é un certame de poesía ao uso, senón especificamente de poesía erótica e iso xa limita algo máis», manifesta.

Aínda así, destaca a calidade de cinco ou seis das obras presentadas. Non obstante, a elixida foi a de Ramón Neto, licenciado en filoloxía inglesa e residente dende o 1998 en Bruxelas, onde exerce a docencia. Dende alí desprazouse a propósito ata Barizo para acudir á cea.

Na cita, onde tamén estivo presente a edila de Promoción Económica, María Pilar Doldán, e tamén houbo recital de

poesía, o xurado destacou de Domino público o ser un poemario moderno, variado, fresco e enxeñoso, pero sen renunciar a referencias culturais, cinéfilas e pictóricas. Tamén o seu léxico e o seu xogo literatura-realidade.

Dende a asociación Caldeirón, Quiroga amósase contento co nivel de participación. «Levamos oito anos e temos sete obras publicadas, así que vamos aumentando a nosa colección de poesía erótica», conta. Para o ano, tamén haberá certame.

Más información

Selección realizada automaticamente

Caldeirón premiará con mil euros o mellor poemario erótico en galego

La poesía erótica calentó la noche de Malpica

Caldeirón celebrará este sábado la Cea das Letras
